



BOP

LUNS, 28 DE ABRIL DE 2025

N.º 096

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS A FONSAGRADA *Anuncio*

Procedemento: Cesión de Bens

Expediente número: 367/2025

Aprobación inicial de cesión de inmovible

Mediante Acordo do Pleno de data 27 de marzo de 2025, aprobar de maneira inicial o expediente para ceder o inmovible coñecido como "Aula Verde" con referencia catastral 27018A181000530000PQ e referencia no Inventario Municipal de Bens Inmóveis I-054 en favor da Asociación Club de Montaña Terras de Burón (G06777445) por un prazo máximo de 10 anos.

Por medio do presente expónse ao público o devandito expediente polo prazo de quince días, a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen pertinentes.

No caso de que non fosen presentadas reclamacións ou alegacións ao presente acordo polos interesados, entenderase aprobada de forma definitiva a cesión gratuíta do ben referenciado.

A Fonsagrada, 22 de abril de 2025.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 1101

AS NOGAIS *Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 101 da Lei orgánica 6/1985, do Poder Xudicial, corresponde ao Pleno dos Concellos a elección do Xuíz de Paz. O nomeamento do Xuíz de Paz terá una vixencia de catro anos. En cumprimento do disposto na Lei Orgánica do Poder Xudicial e a Lei de Planta e Demarcación Xudicial faise pública a convocatoria para provisión do cargo de Xuíz de Paz titular no municipio de As Nogais.

Condicións legais dos solicitantes: ser español, maior de idade e non estar incurso nas causas de incapacidade sinaladas na Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Presentación das solicitudes: os interesados presentarán instancias na sede electrónica e no rexistro do Concello, no prazo de quince días hábiles, contados a partir da publicación deste anuncio no B.O.P., acompañada dun curriculum vitae expresivo da súa traxectoria profesional e académica.

A proposta de elección realizarase polo Alcalde e estará xustificada nos méritos académicos e profesionais alegados e será elevada ao Pleno da Corporación para a súa aprobación por maioría absoluta.

As Nogais, 23 de abril de 2025.- O Alcalde-Presidente, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1102

O PÁRAMO *Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 2/04/2025, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de MARZO de 2025, polo importe total de 3.604,06 €.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 2 de abril de 2025.- O Alcalde, P.O. 1º Tenente de Alcalde, D. Benjamín García Toirán.

R. 1097

RIOTORTO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local deste Concello, aprobou as bases en sesión extraordinaria celebrada o día 15 de abril de 2025 que han de rexer no outorgamento de subvencións para o ano 2025.

Obxecto: O obxecto das subvencións é a realización de actividades culturais e deportivas, segundo a definición contida no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Riotorto, publicada no B.O.P. de 8 de marzo de 2007 e realizadas dende o 01/01/2025 ata o 30/11/2025.

Requisitos que deben reunir os beneficiarios: As persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades de carácter cultural ou deportivo, así como as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención. Deberán ter o seu domicilio fiscal no concello de Riotorto.

Partida presupostaria: 334-480.

Prazo de presentación de solicitudes: As solicitudes de subvención deberanse presentar no Rexistro Xeral do Concello de Riotorto, no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén poderá presentarse na forma establecida na Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Modelo de solicitude: Obrante na Secretaría Municipal.

BOP de publicación da ordenanza xeral de subvención: 8 de Marzo de 2007, 27 de Marzo de 2007 e 19 de Xaneiro de 2009.

Riotorto, 23 de abril de 2025.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1103

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XANEIRO DE 2025.

Aprobado por Resolución de Alcaldía 2025-0276 o día 21 abril de 2025, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de xaneiro de 2025 polo importe total de 6275.82€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 22 de abril de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 1104

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE FEBREIRO DE 2025.

Aprobado por Resolución de Alcaldía 2025-0274 o día 21 abril de 2025, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência e de dependencia, correspondente ao mes de febreiro de 2025 polo importe total de 5.920,55€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 22 de abril de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 1105

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE MARZO DE 2025.

Aprobado por Resolución de Alcaldía 2025-0273 o día 21 abril de 2025, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência e de dependencia, correspondente ao mes de marzo de 2025 polo importe total de 6.150,81€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 22 de abril de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 1106

VIVEIRO*Anuncio*

Pónse en coñecemento o inicio da tramitación do expediente correspondente para a contratación dos servizos enerxéticos, do alumado público e das instalacións dos edificios municipais do Concello de Viveiro (ESE) a través dunha Empresa de Servizos Enerxéticos. Este futuro contrato superará os 5 millóns de euros e incluírá cláusula de revisión de prezos.

Entre os trámites preparatorios da referida licitación, se encontra o previsto no artigo 9.7 do RD 55/2017 de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo de desindexación da economía española, relativo á necesidade de que o órgano de contratación inclúa no expediente de contratación un informe preceptivo valorativo da estrutura de custos, emitido -no caso da comunidade autónoma de Galicia- pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Xunta de Galicia.

Unha vez realizados os trámites de solicitude da súa estrutura de custos a cinco operadores do sector e elaborada a proposta da estrutura de custos do CONTRATO MIXTO "SERVICIOS ENERGÉTICOS DEL ALUMBRADO PÚBLICO Y DE LAS INSTALACIONES DE LOS EDIFICIOS MUNICIPALES DEL AYUNTAMIENTO DE VIVEIRO", en virtude do disposto no artigo 9.7 do RD 55/2017.

Realízase trámite de información pública por prazo de 20 días hábiles, publicando o documento de estrutura de custos no taboleiro de edictos dixital durante o referido prazo de información pública.

Viveiro, 11 de abril de 2025.- A ALCALDESA, María Carmen Gueimunde González.

R. 1098

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO***Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **11/04/2025**, acordou nomear, por un período de catro anos, o/a xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

CASTRO DE REI: substituto: JOSÉ ANTONIO DOCANDO PICOS. DNI 33*485L.**

Contra este acordo poderán os/as interesados/as presentar recurso de alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os/as nomeados/as deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estaba facendo exercicio da xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o/a xuíz/a de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles/as xuíces/xuízas de paz nomeados/as, que estean incursos nalgunha incompatibilidade, deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 23 de abril de 2025.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 1107